

Sendeiro do Río da Fraga



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



Concello de Moaña
Concellaría de Medio Ambiente
e Mar

Edita:

CONCELLO DE MOAÑA
Concellaría de Medioambiente e Mar

Deseño e maquetación:

NOVOCONTORNO, SL

Depósito legal:

VG 664-2008

Exemplar gratuíto

Queda prohibida a reprodución total ou parcial por calquera medio ou soporte, desta obra, sen a autorización previa do titular.



1

TRAMO BAIXO

**O río urbano na súa
desembocadura**

Comeza a nosa andaina polo Areal da Xunqueira, onde as mariscadoras de Moaña extraen diariamente os prezados croques, as ameixas e os longueiróns.

Nesta parte final de despedida, o río perde o seu carácter doce e pouco a pouco mestúrase coa auga salgada do mar, na denominada franxa intermareal, “entremareas”. A vida está moi condicionada polos cambios de salinidade.

Nela podemos atopar unha grande variedade de especies animais e vexetais características significativas do que antigamente foi a lagoa da Xunqueira; restos de carrizas (*Phragmites australis*), espadanas (*Typha latifolia*), xuncos (*Juncus maritimus*), salgueiros (*Salix atrocinerea*), sabugueiros (*Sabucus nigra*), ameneiros (*Alnus glutinosa*)...

En canto á fauna son moitas as especies que atopan refuxio aquí para alimentarse, aniñar ou desovar. Durante o percorrido podemos ser testemuñas da visita de especies tan significativas como a Garza real (*Ardea cinerea*), o Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), a Ánade real (*Anas platyrhynchos*), a Garceta común (*Egretta garzetta*), o Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*)... magníficos indicadores da recuperación deste espazo degradado.

Atopámonos na parte máis urbana do río, na que hai anos se iniciou o proxecto de recuperación das marxes, a través do Padroado Beiramar; mediante a realización de obradoiros de cantería, albanelería, carpintería e xardinería. Plantáronse árbores autóctonas como o loureiro (*Laurus nobilis*), o érbedo (*Arbutus unedo*), e non autóctonas como o tamarindo (*Tamarix gallica*).

Outras especies existentes como o chopo (*Populus nigra*) ou o fermoso amieiro (*Alnus glutinosa*) fan da senda unha pequena mostra da importancia de preservar as xunqueiras.

É unha das árbores característica dos bordos dos ríos, en condicións naturais e, acompañado doutras especies, conforma o denominado Bosque de Ribeira ou en Galería.

Árbore das betuláceas de follas alternas arredondadas, flores masculinas en amentos cilíndricos e femininas en amentos ovoides, cunha madeira de longa resistencia baixo a auga. Vive en lugares húmidos e pode acadar até os 25 metros de altura.

Ten unha función ecolóxica moi importante, xunto con outras especies regula o clima do río, da estabilidade as marxes nas riadas, fixa o nitróxeno atmosférico e actúa de suxeitador creando zonas de vexetación idóneas para o refuxio de moitas especies acuáticas.

As follas frescas, colocadas como cataplasma baixo os pes, os sandan cando están magoados e suorentos. É recomendado especialmente para os camiñantes pouco afeitos a estas andainas ou con calzado inadecuado.

Na toponimia popular existe unha ampla variedade de nomes relacionados con esta especie; amieiro, ameneiro, abeneiro, amieira, amineiro, amineira, arche, aveneiro, pau do demo, amoeiro, umeiro, etc.

Entre os usos que a cultura tradicional lle dá, destacan os medicinais e artesanais, de feito utilizóuse tradicionalmente na elaboración de zocos, xoguetes, pezas torneadas e nos eixes dos carros. A madeira unha vez cortada tórnase de cor vermella e alaranxada ao ser exposta ao sol. Somerxida na auga aguanta moito tempo. É unha árbore que brota con facilidade.





2

TRAMO MEDIO

Labranza e cultura tradicional

Deixamos atrás a zona urbana, o río que vai encaixado entre muros de cemento, peches de rede de arame, acompañado polos postes eléctricos vai collendo espazo e luz a medida que camiña en dirección á ponte da Moca, neste punto podemos ollar o primeiro muíño da senda, “Moíño de Pozonegro”.

Continuamos a senda nunha zona na que dominan os amieiros e salgueiros; os seus troncos grosos, algúns deles deitados pola forza das enchentes do río, danos unha idea da bravura destas augas cando o río baixa impetuoso. Nas beiras atopamos seixos, pelouros e a sebe seca colgada nos ramallos polas últimas crecidas do río.

Saímos da zona frondosa e cruzamos o leito para entrar nunha zona na que aparecen os cultivos, e entre eles atopamos numerosas presas, regos de auga, testemuña dun pasado no que o regadío espallábase polo contorno de todo o val. Neste tramo o camiño faise doado de andar, a paisaxe varía entre pastos, campos de millo, viñedos, eiras de verduras, patacas e “comareiros” onde crece a herba durante todo o ano. Este é o val máis fértil onde a agricultura tradicional fornecía de forraxe, e alimento as aldeas da contorna.

Polo camiño aínda nos encontramos con algún muíño restaurado polos propietarios, “San Pedro ou da Borralleira”, até fai pouco tempo púñano en funcionamento para conseguir a fariña precisa e continuar cocendo o pan de millo. Seguindo un pouco máis o sendeiro unha pasantía permítenos achegarnos polo camiño vello á aldea de Couso, lugar onde se conservou a última parella de bois, símbolo dun tempo onde o carreteiro ou o arador eran os principais oficios nas actividades do val.

O plantío de maceiras nas zonas húmidas, permitíalles a elaboración de sidra. Hoxe aínda podemos visualizar algunhas, invadidas polos liques totalmente integradas entre os salgueiros, amieiros e carballos do lugar.

O millo introdúcese na comarca do Morrazo no século XVII, as primeiras noticias datan do ano 1.618, até entón os cereais tradicionais eran o millo miúdo ou paíngo, o centeo e o trigo. O millo miúdo desapareceu rapidamente ocupando o seu lugar o novo cereal provinte de América, incluso tomou o seu nome.



O millo, transfórmase nun dos principais cultivos da zona, seméntase entre os meses de abril e maio nos terreos de secano e en maio e xuño nos terreos a labradío. O cultivo das veigas precisa a limpeza das mesmas, o carrexo do esterco, que se vai espaxando en pequenos montes, para logo coa axuda da fisga ciscalo por toda a leira.

O arado tirado por unha parella de bois ou vacas ía fendendo a terra en regos, por detrás as mulleres enterraban os grans. Unha vez labrada a veiga pasábase a grade, para esmiuzar o terrón, limpar e achanzar o terreo. A grade era pasada normalmente polo cabalo, e como contrapeso utilizábase xeralmente unha pedra ou un rapaz.

Os arados foron un elemento esencial, xa que facilitaban o traballo nas leiras, despois virían as sementeiras e outros trebellos máis modernos.

Unha vez sementado o millo procedíase á rega, nos terreos de regadío, sachábase e arrendábase para limpalo de malas herbas e desbastar o seu crecemento. Durante o

crecemento da planta, coincidindo cos meses de pouca forraxe aproveitábase o pendón do millo, o que facilitaba a madurez e secado da espiga.

Cando chegaba o momento da xeitura, recollíanse as espigas mentres que as pallas xuntábanse para facer os paleiros, que durante o inverno eran utilizados como alimento para o gando.

Coas espigas no quinteiro chegaba o momento da esfollada, que consistía en separar o follaco que cubre a mazaroca para deixala espida, sendo gardada no canastro para o seu secado e consumo durante todo o ano.

Se a produción do millo era pequena este labor facíase na propia veiga, pero nas casas nas que a colleita era grande os/as veciños/as reúníanse para traballar todos xuntos e participar nun ambiente festivo.

Disque os/as mozos/as aproveitaban estas xuntanzas para mocear acompañándose de cancioneros tradicionais.

Ai ruiña
Ai ruada
Vinde mozos e mozas
Á escollada

Acabáronse as vendimas
Aí veñen as escolladas
Para comer coas mozas
Catro castañas asadas

Coas espigas secas, debullábanse os grans para moelos nos muíños e elaborar así, a fariña de millo.




Os muíños son construcións que se utilizan dende tempos inmemoriais aproveitando a forza da auga para mover unha roda de pedra, chamada “moa”, que xira sobre outra fixa, denominada “pé da moa”. Entremedias hai unha pequena separación que pode aumentar ou diminuír, segundo se queira, pola que vai caendo o gran dende unha caixa con forma de pirámide invertida denominada moega.

A moega está aberta pola parte superior, para poder botar o gran, e tamén pola parte inferior, para que os cereais cheguen a unha canle de madeira chamada quenlla, que é a que dirixe os cereais ao burato central ou ollo da moa. Por el, o cereal métese entre a moa e o pé, e por medio do movemento circular da moa contra o pé, o gran desfáise até converterse en fariña.

A propiedade dos muíños foi evolucionando segundo a época, así os primeiros documentados aparecen a nome de curas, casas fidalgas e labradores ricos para pasar a xeneralizarse coa introdución do millo.

Na actualidade a meirande parte soen ser “comunitarios” ou de “herdeiros”, dispondo dun dereito de uso regulado por un rateo de horas e días, denominado “tandas” ou “partillas”. Os de propiedade particular, reciben o nome de “maquías” e deben o seu nome á denominación que se lle dá á parte proporcional de gran ou fariña que se cobraba pola moenda. Esta parte medíase na nosa comarca en “cuncas” e “ferrados”.



O asentamento dun gran número de muíños no río da Fraga favoreceu o desenvolvemento de diferentes áreas de traballo, que permitiron durante moitos anos ter un tecido social e económico de grande actividade ao seu carón.

Parte desta actividade reflíctese na nosa cultura tradicional. Cada certo tempo organizábanse moendas colectivas, nas que a conversa e a troula formaban parte do evento. Esta actividade coñecíase como “muiñadas”. A súa celebración era polas noites e a elas tamén acudía a mocidade.

Crése que algunha variedade da muiñeira podería ter a súa orixe nesta xuntanza popular ao copiar o movemento circular da moa. Ademais a festa completábase con cantigas populares nas que o muíño era o referente.

**O muíño moe, moe
Non bota a fariña fóra
A muller do muiñeiro
Ten un cantar que namora**

**Unha noite no muíño
Unha noite non é nada
Unha semaniña enteira
Esa si que é muiñada**

Cruzando a estrada de Berducedo a Couso (Meira), deixamos atrás o val onde a agricultura foi protagonista durante décadas. Adentramos nunha masa forestal infestada de acacias negras (*Acacia melanoxylon*) pola que bule o río, baixo a ollada distante dos muíños de Vianza e Felipe, nas proximidades da aldea de Couso, en moi boas condicións grazas ao coidado do Sr. García.

Tamén atopamos pasantías e carreiros onde a humidade facilita o asentamento dos musgos e liques orixinando unha paisaxe de conto na que a natureza é a protagonista.

Seguimos o percorrido até atoparmos co camiño vello que une a aldea de Couso coa da Fraga. Un espazo idílico conformado polos restos da vella carballeira e dos muíños de Amaro, Fus e do Rei. É de destacar o de Amaro, aínda está en funcionamento, grazas ao desinterese do Sr. Vicente de Alonso, da Fraga.

Neste espazo podemos visualizar os trebellos que un día foron quen de carretar as forraxes e o esterco e de sementar na terra o froito que deu fartura aos nosos ancestros: carro tradicional, arado, sementeiras...

Aquí comenza o roteiro pequeno (trazo en verde), que tamén se pode iniciar dende a rotonda de Couso, esta senda levaranos río arriba coincidindo co roterio longo (trazo en azul) até o camiño empedrado de Gagán.



Neste contorno podemos apreciar a fragancia dun espazo natural onde se mestura a pradería e o bosque autóctono, no que se pode escoitar o moumeo milenario “como soa o río”, ou o “baixar grileiro”. Este son estaba relacionado co caudal de auga do río e coa pendente do tramo.

**O río cando vai cheo
Leva carballos e follas
Tamén podía levar
As linguas murmuradoras**

**Se queres que o carro cante
Móllalle o eixo no río
Despois de mollalo eixo
Canta como un asubío**



Continuamos o camiño até o “Terreiro do Muíño”, un espazo embelecido polos muíños de Pereiro, Souto e Xalda, onde se realizou a recuperación e posta en funcionamento dalgún dos muíños de xeito que os veciños e visitantes poidan observar o funcionamento destes vellos artiluxos e mesmo participar nos labores da moenda.



Cruzando a estrada EP-1004, atopámonos coa bifurcación que nos permite dúas opcións: á dereita, seguindo o curso do río faremos o percorrido longo (trazo en azul). Recto, seguindo o camiño empedrado de Gagán, iremos polo roteiro curto (trazo en verde) que ademais é circular.

A senda que vai paralela ao río descúbrenos un espazo frondoso, escuro, tapizado por unha luz tenue que nos amosa unha vexetación dominada polo mofo e os liques; achegámonos á zona de pozas e fervenzas.

Neste punto e dada a dificultade da senda collemos o camiño tradicional que zigzaguea afastándonos da canle do río para levarnos até a pista forestal de Barro Branco.

Atopámonos no Monte en Mán Común, nel abunda a avifauna ou as reses bravas, como o “cabalo galego”, que pastan por estas ladeiras. Cruzando o río entroncamos co GR-59, ou Senda do Morrazo que nos conduce por medio de camiños tradicionais até as inmediacións do Beque, onde conectamos coa senda circular pequena que sube polo vello camiño do Gagán. Dende aquí baixamos até o albergue do Beque, onde poderemos descansar.

Saíndo do Beque, na primeira costa viramos á dereita e paralelos ao muro do vertedoiro municipal encetamos o camiño vello rumbo á aldea da Fraga. Xa no centro da aldea ruamos entre as casas tradicionais, algunhas abandonadas e cheas de silveiras, para de seguido coller o camiño antigo da Maseira Brava que nos levará outra vez aos muíños do Rei, de Fus e de Amaro (Terreiro do Millo).



3

TRAMO ALTO

Entre fervenzas e vellos camiños

A aldea da Fraga

Na Fraga aínda se conservan distintos elementos característicos da arquitectura popular amplamente representada por vivendas, canastros, fontes, pozas, etc. Os canastros utilizábanse para gardar o gran das colleitas, especialmente do millo.

Tamén podemos apreciar casas que conservan a estrutura e materiais tradicionais. Estas vivendas caracterízanse por ter na planta baixa as cortes e a cociña, mentres que no primeiro andar situábanse os cuartos. Deste xeito, a calor dos animais e da cociña axudaba a manter quente a casa durante o inverno.

As pozas eran lugares nos que se puña a remollo o liño. Unha planta usada antigamente pola súa resistencia para elaborar tecidos.

Nos arredores da aldea podemos descubrir varias especies de fentos, salpicados polo rebulir da auga, tamén podemos ollar, en primavera, violetas e prímulas, ou no outono fungos que nacen do manto que recubre o chan.

